

ESPAÑA E O MUNDO

- Cartas de Rusia
- Plan Marshall
- Fitos históricos

Plan Marshall

- Marshall, secretario de Estado
- Doutrina Truman: plan para conter comunismo
- Axudas a Grecia que ten guerra con partisanos comunistas

A fame

- o aceite non chega aos pobres
- o touciño e o unto devóranse
- saín(dos humildes xurelos), a única graxa para todos

Xabón de pobres

- non hai sebo de porco
- saín: aceite de peixe > cheirume para a roupa

Miseria

- coche da confraría

Cartas de Rusia

- Igrexa Primitiva
 - Igrexa Evanxélica Española, sostida por evanxélicos alemáns
 - Vademecum de igrexas e persoas
 - eu no vademecum
- Os evanxélicos alemáns conectaban cos ortodoxos rusos, aínda respectados polos comunistas
 - mandaban víveres e roupa
- Chegaban as cartas, copiadas a máquina
 - en alemán, de prisioneiros
 - nomes e orixe de prisioneiros españois
 - “Está vivo e con saúde”
 - falaban de Rusia como se fose un sitio único (atlas na man, imaxinación daquela inmensidade: a URSS, o maior país do mundo)
- Don Onésimo sabía alemán
 - subo á casa
 - os cativos agatuñando pola escaleira
 - fai traducción rápida, con exclamacións
 - os alemáns de Madrid souberan escoller
 - traducción literal a máquina (de banco)
- Non se podía escribir a Rusia
- Eu levaba as novas de Ferrol á Coruña:
 - “Mire, señora, veño darlle noticia...”
 - mención aos evanxélicos
 - susto de algúns

Novas de Rusia [OLLO SEMIRAMIS]:

Contacto con personalidades evanxélicas de máximo nivel
Alianza Evanxélica Española, 125 anos de antigüidade. Dirixida por estranxeiros. Por iso non a rebentaron.
A Alianza Evanxélica ten fondos de emerxencia para catástrofes e guerras; e seccións en cada país. Os evanxélicos alemáns mandaban moitos alimentos a Rusia, para os prisioneiros. Por iso tiñan relación cos que andaban por Rusia. Os españois que alá andaban, prisioneiros e exiliados, sabían desta conexión e mandaban novas ás familias. A Alianza Evanxélica Española escollía persoas de confianza por zonas e íalles mandando copia das cartas -en alemán- que contiñan información perigosa porque nelas se facían referencias a roxos, o cal podía

repercutir negativamente nos seus parentes e achegados, segundo a represión volvía tomar folgos.

Era trabaloso atopar as familias porque andaba todo moi mudado. A xente íase en masa. Marchaban para Madrid, Barcelona, Bilbao, e América.

Íaselles dando razón de cómo andaban por aquela fin de mundo.

Visita á Regüela en bici. Anuncio á familia de que o fillo é vivo en Siberia. Agradecemento manifesto: compra malia a prohibición (cura desa parroquia moi agresivo) [Parroquia do Tomás, enlace a través del e con coidado, porque era familia falanxista, con avó miliciano de brazaletes]... Logo de que don Onésimo facía a traducción das cartas, tomábanse notas por duplicado en senllas libretas e destruíase o documento de orixe. Medo á represalia. Don Onésimo, cómplice [Inicio do asunto. Preguntas a don Onésimo. Primeira carta, a reacción do banqueiro. Axudas para localizar persoas por medio do banco].

A India (47)

- Terra de misión
- Os parias, coma nós

Israel (48)

- San Paulo, xudeu
- Lembranza do Vicente: Terra Santa. Como pasaron dez anos.
 - ¿cómo será aquilo en guerra?
 - os xudeus valentes, non tendeiros cagóns.

India e Israel liberadas mentres os protestantes en España viven nas catacumbas

China (49)

Corea (50)

Fin do racionamento

Volta do soldado da División Azul

- agradecementos